

6.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE FEBREIRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 5/2017 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2017.

Aprobose a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 5/2017 de data 30 de xaneiro de 2017.

2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE CON OBRAS.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para o exercicio da actividade consistente en café – bar na praza da Igrexa, 2 – Lalín.

2.2.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para o exercicio da actividade consistente en venda de toda clase de artigos na Praza da Torre, 2 - Lalín.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reforma de sala de vendas de hipermercado, sito no Centro Comercial Deza – Lalín.

3.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reforma de instalación de gasoleira no exterior do Centro Comercial Deza – Lalín.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE CON OBRAS.

4.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para ampliación de explotación de porcino en Casas Novas – Goiás – Lalín.

5.- INFORME PREVIO.

5.1.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 3 de febreiro de 2017 para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Vistalegre, parroquia de Soutolongo en Lalín.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse adxudicar o Lote núm. 3: Stands para o campo da Feira, do expediente de contratación denominado “SUBMINISTRO DE CARPAS E STANDS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS VENCELLADOS Á FEIRA DO COCIDO”.

6.2.- Acordouse conceder unha prórroga ata o día 20 de marzo de 2017 para as obras de E.D.A.R. con humedais artificiais en Zobra.

7.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse aprobar varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

8.- FACTURAS E CONTAS.

8.1.- Acordouse aprobar a relación de facturas nº00006 por importe de 14.939,93 €.

9.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse a devolución de ingresos indebidos correspondente ao depósito previo do imposto de Construcción, Instalacións e Obras aboada con data 31 de xaneiro de 2017 por tratarse dun pago duplicado e polo tanto dun ingreso indebido.

9.2.- Acordouse a DEVOLUCIÓN DE AVAIS INDIVIDUAIS REFERENTES AO CONTRATO DE SERVIZO PÚBLICO DE LIMPEZA VIARIA E RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

9.3.- Acordouse a DEVOLUCIÓN DE FIANZA REFERENTE Á CONTRATO DE SERVIZOS DE CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE LALÍN: LOTE 2 (CAMPAMENTOS DE NADAL).

9.4.- Acordouse a DEVOLUCIÓN DE FIANZA REFERENTE AO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “REDACCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO E DIRECCIÓN DA REHABILITACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE LALÍN PARA USO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL”

9.5.- Acordouse a CORRECCIÓN DE ERRO PADECIDO NO ACORDO ACADADO EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE PARA DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL RP-07/2016.

9.6.- Acordouse a **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao

vado permanente ubicado no baixo do nº 15 da rúa Manuel Rivero.

9.7.- Acordouse a baixa na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación aos vados permanente ubicados nos baixos do nº 4 e 8 da rúa da Corredoira.

9.8.- Acordouse o cambio de titularidade na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente nº 451 ubicado no baixo do nº 15 da rúa Observatorio.

9.9.- Acordouse aprobar a conta xustificativa PROGRAMA: VERÁN EN GALEGO E PROGRAMA: A PRAZA TEN VIDA EN GALEGO.

9.10.- Acordouse acollerse ao PLAN DE PRÁCTICA LABORAL EN CONCELLOS 2017.

9.11.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 131,56 €.

9.12.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 242,89 €.

9.13.- Acordouse aprobar as Bases reguladoras da CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2017 do Concello de Lalín.

9.14.- Acordouse aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras pola obra *REFORMA E AMPLIACIÓN DO IES LAXEIRO NO CONCELLO DE LALIN*.

9.15.- Acordouse realizar contrato de servizo para levar a cabo a realización do programa de radio GALICIA POR DIANTE dentro do réxime de contratos menores, e segundo o orzamento remitido.

9.16.- Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 4.308,13 euros

9.17.- Acordouse aprobar a memoria valorada denominada “*Instalación de xogos infantís na zona exterior da praza superior do parking Aldea Grande. Lalín*”, de data febreiro de 2017.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Dáse conta da proposta de baixa voluntaria dunha alumna traballadora do obradoiro de emprego “Rivero Social Lalín” con efectos do 1 de febreiro de 2017.

10.2.- Dáse conta da solicitude solicitando autorización municipal para o uso das Instalacións da Praia Fluvial de Vilatuxe, Teleclub de Vilatuxe, Colexio Público de Vilatuxe e o albergue “Vicente Agullo” de Mouriscade para o aloxamento a organización e para loxística, igual que o ano pasado, con motivo da celebración do TRAIL DE VILATUXE 2017.

10.3.- Dáse conta da solicitude presentada solicitando autorización municipal para colocar un stand con información sobre as súas actividades o sábado 18 de febreiro de 2017 en horario de 11:00 horas a 14:00 horas na rúa Principal.

10.4.- Dáse conta da solicitude solicitando autorización municipal para o uso do pavillón municipal para o aloxamento en sacos de dormir dende o 7 de abril ata o 10 de abril con motivo da celebración do **STARS DANCE GALICIA**, o uso do auditorio municipal para utilízalos como camerinos e a colaboración de protección civil.

10.5.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o uso do Salon de actos da UNED para a celebración da xornada para técnicos veterinarios sobre contaminación de toxinas coa alimentación do gando vacún. Para o día 21 de febreiro de 2017.

10.6.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o vindeiro día 12 de marzo de 2017 para o uso da Praza da Igrexa de 10:00 horas a 11:00 horas para a concentración das motos “**1ª IMPALADA GALEGA**”.

10.7.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para levar a cabo unha **RUTA BTT**, o día 1 de abril de 2017

10.8.- Dáse conta do escrito presentado no que se solicita acceso a documentación sobre a licenza de unidade de liña de medio tensión en Val do

Carrio-Lalín.

10.9.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización para utilizar o local da casa escola da parroquia de Alemparte.

10.10.- Dáse conta do escrito presentada no que comunican que o venres día 10 de febreiro de 2017 se realizará a presentación do equipo Sillecar Racing na parrillada o Braseiro e solicitan a reserva das 2 prazas de carga e descarga sitas na Avda Buenos Aires, 96.
